

ACTA Nº 8 DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE (OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2023).

Reúnese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 574/2024 do 22/04 para proceder ao análise e resolución das alegacións presentadas á corrección do segundo exercicio (proba práctica) do procedemento de selección dunha praza de auxiliar administrativo como funcionario/a de carreira polo procedemento de oposición libre (Oferta de Emprego Público de 2023) conforme ás bases de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía nº337/2024 do 08/03.

O Tribunal de selección procede a reunirse de xeito telemático a través de videoconferencia a fin de analizar os diferentes escritos presentados en relación á revisión da cualificación da segunda proba (proba práctica) do proceso de selección.

Data da sesión: 05/07/2024
Hora de inicio: 11:30 horas.
Hora de finalización: 11:50 horas.

Asistentes:

D. Carmen Sanmillán Villar (Presidenta).
Dª. Ana María Cacharrón Castelos (1ª vogal).
D. Raul Martínez Martínez (2º vogal).
Dª.Laura Gutierrez Ortíz (3ª vogal).
D. Federico Suárez Cancelo (Secretario).

Por parte do Secretario dase conta ao Tribunal dos seguintes escritos que ten constancia que se teñan presentado:

-30/06/2024 (RE nº 202499900001597) escrito presentado por D. Francisco Javier Figueiras Figueroa polo que presenta alegacións á corrección das preguntas 6,4, 3 e 1 do segundo exercicio (proba práctica) do proceso de selección dunha praza de auxiliar administrativo incluída na Oferta de Emprego Público 2023.

Tales alegacións foron remitidas o día anterior aos distintos membros do Tribunal a fin de que procederan ao seu análise.

Primeiramente o Tribunal por unanimidade dos seus membros, acorda dar trámite ás citadas alegacións e proceder ao seu estudo e resolución a fin de evitar calquera tipo de indefensión que puidera derivarse para o alegante.

Analizadas as alegacións ás distintas preguntas presentadas polo alegante obsérvase que todas elas consisten en considerar que non está de acordo coa puntuación outorgada polo Tribunal e que a súa puntuación debería ter sido superior. Cabe sinalar primeiramente que ningunha das preguntas sobre as que alega ten sido considerada incorrecta polo Tribunal, xa que no caso de ter sido así considerada tería sido valorada con 0 puntos como así foron valoradas outras preguntas doutros aspirantes que foron consideradas incorrectas. O alegante considera, desde o seu punto de vista, que pese a non ter respostado ou analizado cuestións que o Tribunal consideraba que debían ser analizadas no suposto práctico tería que ter sido valorado de xeito superior, ou dito doutra maneira o feito de que o alegante non comentara cuestión que o Tribunal consideraba esenciais na contestación das preguntas, merecía unha penalización inferior da que lle impuxo o Tribunal na súa puntuación, ou incluso non supoñer penalización algunha na súa puntuación.

A este respecto, e sen prexuízo do sucinto análise que se realiza a continuación de cada unha das alegacións o Tribunal quere lembrar ao aspirantes a consolidada xurisprudencia sobre a discrecional idade técnica dos tribunais de selección, que establece que a valoración dos tribunais de selección respectarase salvo que conorra desviación de poder, arbitrariedade, ausencia de toda xustificación do criterio adoptado, ou patente erro.

Neste caso, non nos atopamos en ningún dos supostos anteriores, xa que o alegante pretende que se revise a súa puntuación por considerar que debería ser maior pese a recoñecer el mesmo nas súas alegacións que non citou no seu exercicio cuestións que o Tribunal de selección considerou como necesarias dentro dos seus criterios de corrección.

Así sinala a Sentenza do Tribunal Supremo de 10 de maio de 2007, recurso 545/2002:

“Como es bien sabido, dicha discrecionalidad técnica significa, por un lado, respetar las valoraciones de esa índole que hayan sido realizadas por los órganos cualificados por la posesión del correspondiente saber especializado y, por otro, admitir el margen de polémica o discrepancia que sobre determinadas cuestiones venga siendo tolerado en el concreto sector de conocimientos técnicos de que se trate.”

Sentado o anterior analízanse muy sucintamente as alegacións presentadas:

En relación á alegación a pregunta nº6 como o propio alegante reconece non sinalou que o motivo de que se tratase dun contrato de servizos era que non existía transferencia do risco operacional motivo polo que o Tribunal de selección considerou que a pregunta non estaba perfecta e que debía ser valorada con 1,5 puntos sobre 2 segundo sinala o alegante. A este respecto o feito de que o espazo de resposta estivera limitado ou que nas instrucións dadas antes de iniciar o exame se pedira concreción nas respostas en modo algún pode xustificar que non se fundamente unha resposta. Nese sentido no propio exame se indica que se deben responder de forma fundamentada. Por parte do alegante solicítase que se corrixa a puntuación outorgada, o Tribunal de selección considera que non procede ao non existir erro ningún na corrección e so que en opinión do alegante debería terselle concedido unha maior puntuación criterio que non coincide co do Tribunal.

En relación á alegación da pregunta nº 4. O propio alegante reconece que non citou nin fixo referencia ao artigo 14 da Constitución Española que o Tribunal consideraba que debía ser citado, analizado e posto en relación coa cuestión práctica que se planteaba. Pese a elo, o alegante como sinala foi valorado con 1 punto sobre 2,5 puntos solicitando que sexa corrixida a súa valoración nesta pregunta. o Tribunal de selección considera que non procede ao non existir erro ningún na corrección e so que en opinión do alegante debería terselle concedido unha maior puntuación ,criterio co que non coincide co do Tribunal. Aclárase a este respecto que desde o Tribunal de selección non se esixía citar ningún tipo de xurisprudencia, que considérase excesivo para un posto de auxiliar administrativo, e que a cita xurisprudencial se incluiu nos criterios de selección so aos efectos de fundamentar a resposta correcta por parte do Tribunal, pero non se tivo en conta aos efectos de valoración dos aspirantes.

En relación á alegación da pregunta nº 3, de novo o alegante reconece que non fixo referencia ao artigo 28 da Lei 39/2015, que a criterio do Tribunal debía ser citado e analizado, polo que o aspirante foi valorado con 1,25 puntos sobre 2. O tribunal non comparte a afirmación de que o artigo 28 non fora aplicable ao suposto planteado como afirma o alegante. Por parte do alegante solicítase que se corrixa a puntuación outorgada, o Tribunal de selección considera que non procede ao non existir erro ningún na corrección e so que en opinión do alegante debería terselle concedido unha maior puntuación criterio que non coincide co do Tribunal.

Por último en relación á alegación da pregunta nº 1, el alegante considera que o Tribunal erra en que o suposto planteado entraría dentro da previsión do artigo 2.2.1.3.1.b) da Resolución de 3 de febrero de 2023, de la Presidencia del Instituto Nacional de Estadística y de la Dirección General de Cooperación Autonómica y Local, por la que se modifica la de 17 de febrero de 2020, por la que se dictan instrucciones técnicas a los Ayuntamientos sobre gestión del Padrón municipal, considerando o alegante que debería tratarse do suposto regulado no artigo 2.2.1.2 da mesma resolución. Neste caso a valoración foi de 1 punto sobre un total de 3. Neste caso o Tribunal non so non está de acordo coa afirmación realizada polo alegante, considerando o Tribunal que o suposto descrito no exercicio se correspondía co previsto no 2.2.1.3.1 b) se non que apreciouse que o aspirante non aporta unha resposta concreta se non que abre diferentes posibilidades e alternativas e pouco ou nada ten que ver a súa resposta co que fundamenta agora na súa alegación. Por parte do alegante solicítase que se corrixa a puntuación outorgada, o Tribunal de selección considera que non procede ao non existir erro ningún na corrección e so que en opinión do alegante debería terselle concedido unha maior puntuación criterio que non coincide co do Tribunal.



Por parte do Tribunal de Selección por unanimidade dos seus membros presentes con dereito a voto acordase, desestimar as alegacións presentadas por D. Francisco Javier Figueiras Figueroa, con data de 30/06/2024 (RE nº 202499900001597) contra a corrección do segundo exercicio (proba práctica) do proceso de selección dunha praza de auxiliar administrativo incluído na Oferta de Emprego Público de 2023 e creación dunha bolsa de emprego, polos motivos expostos anteriormente.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando de xeito electrónico os membros do Tribunal.